



# CONCELLO DE SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)

## REGULAMENTO SOBRE A ORGANIZACION E O FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO NO CONCELLO DE SOUTOMAIOR.

**Artigo 1.-** O Rexistro municipal de parellas de feito do Concello de Soutomaior terá carácter administrativo nel poderán inscribirse as unións non matrimoniais de convivencia na forma e cos requisitos que se establecen nas presentes normas.

**Artigo 2.-** Poderán solicita-la súa inscrición no rexistro todas aquelas parellas, incluso do mesmo sexo, que polo seu libre e pleno consentimento constitúen unha unión de convivencia non matrimonial, e sexan maiores de idade.

Cando menos un dos membros da unión deberá estar empadroadado no Concello de Soutomaior pola súa condición de residente habitual neste Concello. A outra persoa deberá tramita-lo empadroamento en Soutomaior inmediatamente antes da inscrición no Rexistro de parellas.

**Artigo 3.-** A primeira inscrición de cada parella producirase mediante a comparecencia persoal e conxunta das dúas persoas perante @ funcionari@ que se encargue do rexistro, para declara-la existencia entre elas de unha unión de convivencia non matrimonial.

Non se procederá a practicar ningunha inscrición se algún dos comparecentes estivese afectado por deficiencias ou anomalías psíquicas. Neste caso deberá achegar dictame médico sobre a súa aptitude para consentir na constitución dunha unión de convivencia non matrimonial.

Así mesmo denegarase a inscrición se algunha das persoas que comparecen estivese declarada incapaz para contraer matrimonio por relación de parentesco (irmáns/ás, descendentes e ascendentes e colaterais ata o terceiro grao).

**Artigo 4.-** Neste primeiro asento poderán facerse constar cantas circunstancias relativas á súa unión prsoal manifesten as persoas que comparecen.

As inscricións que se refiran á terminación ou extinción da unión terán que anotarse necesariamente, xa que por morte ou por vontade dun ou dos dous membros. E bastante para a extinción da unión a declaración dun deles.

**Artigo 5.-** O rexistro estará a cargo da Secretaría do Concello.

**Artigo 6.-** O rexistro materializarase nun Libro Xeral no que se practicarán as inscricións ás que se refiren os artigos precedentes. As devanditas inscricións reflectirán o contido da declaración conxunta feita previamente pola parella na folla asinada por ella.

*Nareg*



# CONCELLO DE SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)

O libro esá formado por follas numeradas, seladas e rubricadas pol@ concelleir@ de Servicios Solciais e mail@ secretari@ do Concello e estará encabezada e rematará coas correspondentes dilixencias de apertura e peche pol@ concelleir@ de Servicios Sociais mail@ secretari@ do Concello.

**Artigo 7.-** A primeira inscición de cada parella terá o caráctr de inscición básica e na súa marxe anotarase a referencia de calquera outro asento que se produza con posterioridade no Libro Xeral principal relativo a esa unión.

**Artigo 8.-** O rexistro terá tamén un libro auxiliar ordenado polos apelidos das persoas inscritas no que se expresará o número das páxinas do Libro Xeral nas que existan anotacións que lles afecten.

**Artigo 9.-** Co fin de garantí-la intimidade persoal e familiar das e dos inscritos/as no rexistronon se dará publicidade ningunha ó contido dos asentos, agas as certificacións que expida @ funcionari@ que se encargue do rexistro por instancia exclusivamente de calquera dos membros a unión solicitada ou dos xuíces e tribunais de Xustiza.

**Artigo 10.-** As parellas de feito que se constitúan non terán efectos legais, soamente administrativos e a estes efectostrán a equiparación con calquera matrimonio (solicitudes de vivenda, prestacións por fillo a cargo, bolsas de estudos, pensións non contributivas, RISGA, etc.).

**Artigo 11.-** A documentación esixida para inscribirse é: certificado de empadramento de ámbalas dúas partes e fotocopia do DNI de ambos.

**Artigo 12.-** As certificacións expediranse por orde e co vistoe prace do alcalde.

O presente regulamento entrará en vigor conforme detrmina o Código Civil

Soutomaior, 23 de marzo de 2001

